



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Recursos Humanos

Anuncio bases do proceso de selección de dúas prazas de persoal técnico de administración xeral por quenda libre

ANUNCIO

CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PROCESO SELECTIVO 2 PRAZAS DE PERSOAL TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL POR QUENDA LIBRE

Por Resolución da Concelleira delegada da Área de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística do 24/09/2025 apróbase a convocatoria de dúas prazas de persoal técnico de Administración xeral, por quenda libre, persoal funcionario de carreira, encadrada na escala da Administración xeral, subescala técnica, grupo A, subgrupo A1, derivada da oferta de emprego publico do ano 2025 así como as bases específicas que rexerán a citada convocatoria.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

As bases específicas que rexerán a convocatoria son as que de seguido se transcriben:

“ BASES ESPECIFICAS QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE DÚAS PRAZAS DE PERSOAL TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL POR QUENDA LIBRE, ENCADRADA NA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUB-ESCALA TÉCNICA, GRUPO A, SUBGRUPO A1, DERIVADAS DA OFERTA DE EMPREGO PUBLICO DO ANO 2025, PUBLICADA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA N.º 45 DO 07/03/2025

1.-NÚMERO, DENOMINACIÓN E CARACTERÍSTICAS.

É obxecto da presente convocatoria a cobertura en propiedade, polo sistema de oposición, de dúas prazas de persoal funcionario de carreira, Técnico/a de Administración Xeral, encadrada na Escala da Administración Xeral, Subescala Técnica, Grupo A, Subgrupo A1, correspondente á OEP do ano 2025.

As presentes bases dítanse en desenvolvemento das bases xerais aprobadas mediante resolución da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística do 09/05/2024, que teñen por obxecto regular os procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario de carreira nos corpos e escalas do Concello de Ferrol, así como os aspectos comúns aos procesos selectivos para prover as prazas de persoal funcionario que estean reservadas á promoción interna (BOP núm. 104 do 30/05/2024).

As retribucións básicas serán as correspondentes ao grupo de clasificación de funcionarios, grupo A, subgrupo A1, e as retribucións complementarias serán as previstas na Relación de Postos de Traballo deste Concello.

2.- SISTEMA SELECTIVO.

De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas polo Concello de Ferrol e publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña n.º 104 do 30 de maio de 2024, o sistema selectivo será o de oposición.

3.- FUNCIÓNS DA PRAZA

As definidas na relación de postos de traballo do Concello de Ferrol.

4- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir, ademais dos requisitos establecidos na base 6ª das bases xerais, os seguintes requisitos:

a) Titulación: Posuír ou estar en condicións de obter ao finalizar o prazo de presentación de instancias a titulación universitaria oficial de Grao, ou atoparse en condicións de obtela por ter superados os estudos completos e abonado os dereitos para su expedición. Tamén poderán acceder as persoas que estean en posesión das titulacións de licenciatura, enxeñería, arquitectura ou equivalente.

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

b) Requisitos lingüísticos: Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega Celga IV, equivalente ou superior. Os/as aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

Tódolos requisitos esixidos nesta Base deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias e mantelos ata a data do seu nomeamento como persoal funcionario.

5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

De conformidade co previsto na base 7ª das bases xerais, as solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Ferrol. Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Neste caso, poderase descargar o modelo oficial de instancia na sede electrónica.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio do extracto da convocatoria no BOE.

O réxime de publicidade da convocatoria e de seguimento do proceso selectivo será o establecido na base 3ª das bases xerais.

As solicitudes para tomar parte na convocatoria deberán cumprimentarse segundo o modelo oficial que se anexa a estas bases (anexo I).

As persoas participantes farán constar os seus datos persoais e deberán manifestar, expresamente, que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base 6ª na data de remate do prazo de presentación de instancias.

As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no apartado de idioma do exame, o idioma no que quere que lle sexan entregados os textos dos exercicios da oposición: galego ou castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude, os/as aspirantes non poderán modificar a súa opción.

As persoas con discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas. Os/As aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e acredite a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Achegarase á solicitude:

- Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

- Copia da titulación esixida para o ingreso ou xustificación acreditativa de tela solicitado, e abonadas as taxas correspondentes para a súa expedición, xunto coa certificación académica comprensiva das materias cursadas onde conste, expresamente, que finalizou os estudos conducentes á obtención do título

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

- Copia do certificado de galego Celga IV, título de perfeccionamento ou titulación equivalente, aos efectos de exención de realización da proba de galego.

- Xustificante de pago da taxa por dereito de exame ou, no seu caso, documento xustificativo expedido pola oficina de emprego correspondente que acredite a situación de desemprego durante, polo menos, os 6 meses anteriores á data da publicación da convocatoria no BOP

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases da convocatoria.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

6.- TAXA POR DEREITOS DE EXAME

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 57,55 €, para as prazas do grupo A, subgrupo A1, consonte a Ordenanza fiscal núm. 28, reguladora da taxa pola solicitude de participación en probas de selección do persoal.

A carta de pagamento pode obterse ou ben no departamento de Xestión Tributaria do Concello de Ferrol ou de forma telemática na páxina web do concello: www.ferrol.gal coa seguinte ruta: (sede electrónica / oficina virtual tributaria/ acceso á oficina virtual tributaria / trámites sen certificado / autoliquidacións / taxas / concepto a liquidar: selección de persoal / subconcepto: grupo A1).

Quedan exonerados do seu aboamento aqueles/as aspirantes que figuren como demandantes de emprego durante, polo menos, 6 meses antes da data da publicación da convocatoria no BOP das probas selectivas nas que solicite a participación. A estes efectos, deberá achegarse documento xustificativo expedido pola oficina de emprego correspondente.

As taxas só serán devoltas no caso de que o/a aspirante non sexa admitido/a ao proceso selectivo por causas non imputables a él/ela.

A falta de pagamento das taxas de participación, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

7.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

O lugar, data e hora do comezo da celebración do primeiro exercicio das probas selectivas, así como a a composición do órgano de selección, darase a coñecer xunto coa publicación da resolución pola que se aprobe a listas definitivas de persoas admitidas e excluídas. Esta resolución publicarse no BOP e na sede electrónica do Concello de Ferrol.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídas da oposición as que non compareceran, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal, de conformidade co establecido nas bases xerais.

A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabética e iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra F, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 21 de xaneiro de 2025 (DOG núm. 16, do 24 de xaneiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado, en cumprimento do establecido na Resolución da mesma consellería do 16 de xaneiro de 2025 (DOG núm. 12, do 20 de xaneiro de 2025).

8.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de oposición.

Constará dos seguintes exercicios:

- **Primeiro exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes que consistirá na resolución por escrito, durante un tempo máximo de 2 horas (120 minutos), dun cuestionario tipo test de, como máximo, 100 preguntas (máis 10 de reserva) con catro alternativas de resposta, sendo só unha delas correcta, en relación ao contido total do temario (materias comúns e específicas).

O exercicio será cualificado de 0 a 15 puntos, sendo preciso acadar 7,5 puntos para superar a proba. Cada resposta correcta será puntuada con 0,15 puntos. As respostas incorrectas descontarán 0,05 puntos. As respostas en branco non descontarán. Todas as preguntas terán a mesma puntuación.

No prazo máximo de 3 días hábiles desde a finalización da proba, o tribunal publicará na páxina web e na sede electrónica do Concello de Ferrol a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas. Os interesados poderán presentar reclamacións no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación

- **Segundo exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente en desenvolver por escrito, durante un tempo máximo de 2 horas (120 minutos), dous temas, a elixir entre catro, da parte específica do temario.

Os dous temas serán escollidos mediante sorteo realizado polo tribunal xusto antes de iniciar a realización do exercicio. A proba será cualificada de 0 a 15 puntos, sendo preciso acadar 7,5 puntos para a súa superación.

Para a realización deste exercicio non se poderá utilizar ningún documento de consulta nin medios dixitais ou telemáticos.

Neste exercicio, valorarase o volume e comprensión dos coñecementos, a claridade de ideas e a capacidade de expresión escrita.

- **Terceiro exercicio:** De carácter obrigatorio e eliminatorio, que consistirá en resolver por escrito, durante un tempo máximo de 2 horas (120 minutos), un ou varios supostos prácticos, a elixir entre dúas propostas do tribunal, relativo aos contidos das materias comprendidas na parte específica do temario.

Para a súa realización só se permitirá utilizar como documentos de consulta textos legais ou xurisprudenciais en formato papel, no permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios.

Os ditos supostos prácticos a elixir, serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente.

Neste exercicio, valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos obxecto do suposto. Estimarase especialmente a sistemática na proposta realizada polos/as aspirantes, a formulación de conclusións, coñecemento e axeitada aplicación da normativa vixente e pragmatismo na resolución dos supostos.

O exercicio será cualificada de 0 a 15 puntos, sendo preciso acadar 7,5 puntos para a súa superación.

- **Cuarto exercicio:** proba de coñecemento da lingua galega. De carácter obrigatorio salvo para aquelas persoas aspirantes que acrediten dentro do prazo de presentación de solicitudes o Celga IV ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

Nesta proba os/as aspirantes deberán traducir ao galego, durante un tempo máximo de corenta e cinco minutos, un documento en castelán no que se recollerá un texto propio das funcións da praza que se convoca. Valoraranse os aspectos lingüísticos e ortográficos, así como a adaptación aos criterios de modernización da linguaxe administrativa. O tribunal poderá contar co asesoramento do departamento de Normalización Lingüística do Concello para a elaboración desta proba.

Este exercicio será cualificado como apto ou non apto.

9- CUALIFICACIÓN FINAL, RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO.

A cualificación final do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos exercicios da oposición. En caso de empate, este dirimirase a favor do/a aspirante que obteña a maior puntuación no primeiro exercicio da fase de oposición; de persistir, dirimirase a favor do/a aspirante que obteña a maior puntuación no segundo exercicio da fase de oposición, e, de persistir, dirimirase a favor do/a aspirante que obteña a maior puntuación no terceiro exercicio da fase de oposición. Como seguinte criterios de desempate, seguirase a orde alfabética tomando como referencia que o primeiro apelido comece pola letra "F", de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 21 de xaneiro de 2025 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 16, do 24 de xaneiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado, en cumprimento do establecido na Resolución da mesma Consellería do 16 de xaneiro de 2025 (DOG núm. 12, do 20 de xaneiro). En último lugar, o empate dirimirase por sorteo.

Finalizado o proceso selectivo, o órgano de selección fará pública a relación de aspirantes que o superasen pola orde de puntuación alcanzada na sede electrónica do Concello de Ferrol. Esta relación elevarase á autoridade convocante que a publicará no BOP. As persoas aspirantes disporán dun prazo de 20 días hábiles, desde o día seguinte ao desta publicación, para a presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria e procederase como se indica na base 10ª das bases xerais.

10.- LISTAXE DE AGARDA

Os/As aspirantes que superasen como mínimo un dos exercicios da fase de oposición pasarán a formar parte dunha listaxe de agarda para a cobertura temporal de prazas como persoal funcionario interino nos supostos previstos no artigo 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, segundo se indica na base 11ª das bases xerais.

11.- NORMAS FINAIS.

Para todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no Real Decreto Legislativo 781/1986 do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no Real Decreto 896/1991 do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios ao servizo das Entidades Locais e no Real Decreto 364/1995 do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado e demais lexislación vixente de aplicación.

Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e normas vixentes concordantes.

A resolución pola que se aproba a convocatoria e as bases específicas pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 30, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso administrativa.

ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE

Dna				DNI	
Enderezo					
Concello		Provincia		C.P.	
Teléfono		Correo electrónico			

SOLICITO:

1	Participar no proceso para a selección de dúas prazas de Técnico/a de Administración Xeral, pertencente á Escala da Administración Xeral, Subescala técnica, grupo A, subgrupo A1, do Concello de Ferrol, bases e convocatoria publicadas no BOP nº _____, do _____		
2	Declaro responsablemente que:		
2.1	Que acepto e acato todas e cada unha das bases da convocatoria		
2.2	Que reúno as condicións esixidas na base 6ª na data de remate do prazo de presentación de instancias.		
2.3	Que os datos contidos na documentación aportada son veraces		
3	Achego a seguinte documentación:		
3.1	Copia do DNI /Pasaporte		
3.2	Copia da titulación requirida		
3.3	Copia do Celga IV		
3.4	Xustificante do pago da taxa ou xustificante da exención da mesma.		
4	Lingua na que realizará os exercicios	Galego	
		Castelán	
5	Acredito discapacidade e solicito a adaptación de tempos e medios adicionais nos procesos selectivos para o acceso ó emprego público das persoas con discapacidade nos termos previstos na Orden PJC/804/2025, do 23 de xullo (BOE nº 178, do 25.07.2025).		
	Tempos		Medios

En Ferrol, a _____ de _____ de 2025

Sinatura:

ANEXO II.- TEMARIO

TEMARIO PARTE COMÚN (38 temas)

Tema 1.- A Constitución Española de 1978: Estrutura. Os principios fundamentais da Constitución: a soberanía, a división de poderes, a representación política, a participación política. Dereitos e liberdades establecidos na Constitución; especial referencia aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas. Garantías e tutela dos dereitos e liberdades. A suspensión de dereitos. A reforma constitucional.

Tema 2.- A Constitución española: Os principios reitores da política social e económica: natureza xurídica: os dereitos derivados dos principios reitores.

Tema 3.- As Cortes Xerais: composición, organización e funcionamento. Función; especial referencia á función lexislativa.

Tema 4.- O Goberno: Composición. Procedemento do nomeamento e cesamento. As funcións constitucionais do Goberno: A función normativa; a función política; a función administrativa.

Tema 5.- Órganos de control da Administración: O Tribunal de Contas e o Defensor do Pobo.

Tema 6.- O Poder Xudicial: regulación constitucional da xustiza. Ordes xurisdicionais e órganos xudiciais. O Consello Xeral do Poder Xudicial. O Ministerio Fiscal. O Tribunal do Xurado.

Tema 7.- O Tribunal Constitucional: Natureza. Composición. Organización. Competencias. Conflitos en defensa da autonomía local.

Tema 8.- A organización territorial do Estado na Constitución. O Estado das Autonomías. Organización básica das Comunidades Autónomas. Os Estatutos de Autonomía.

Tema 9.- O sistema de distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. As relacións entre o Estado e as Comunidades Autónomas.

Tema 10.- A modificación extraestatutaria das competencias autonómicas: leis marco, de transferencia e delegación e de harmonización. A reserva de competencias ao Estado: normativa básica; a atribución estatutaria de competencias; a cláusula de peche do artigo 149.3.

Tema 11.- A autonomía galega: orixe e evolución. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e procedemento de reforma. Poderes da Comunidade Autónoma: o Parlamento, a Xunta e o seu Presidente. As competencias de Galicia e o seu réxime xurídico. Consello de Contas. Valedor/a do Pobo.

Tema 12.- A administración local na Constitución e nos Estatutos de Autonomía. O principio da autonomía local. A Carta Europea da autonomía local. Regulación básica do Estado e normativa das Comunidades Autónomas en materia de réxime local. A incidencia da lexislación sectorial sobre o réxime local.

Tema 13.- Orixe e evolución da Unión Europea. Organización institucional da Unión Europea: composición e competencias. O Comité das Rexións. O Congreso de Poderes Locais e Rexionais de Europa.

Tema 14.- O Dereito da Unión Europea: principios informadores. Fontes: Tratados e dereito derivado. As directivas e os regulamentos comunitarios. As decisións, recomendacións e ditames. Posición dos tratados internacionais e do dereito da Unión Europea no sistema de fontes: principios de efecto directo, primacía e subsidiariedade.

Tema 15.- Fontes do ordenamento xurídico español. A lei: concepto e clases. O costume. Os principios xerais do dereito. Valor da xurisprudencia. A constitución como fonte do Dereito.

Tema 16.- A Administración Xeral do Estado. Organización Central: órganos superiores e órganos directivos. Organización Territorial: Delegados e Subdelegados do Goberno nas Comunidades Autónomas. A Administración Xeral do Estado no exterior.

Tema 17.- Organización e funcionamento do sector público institucional. Especial referencias aos consorcios.

Tema 18.- Os órganos administrativos. A competencia dos órganos administrativos: criterios de distribución e técnicas de translación. Especial referencia aos órganos colexiados.

Tema 19.- A Administración Pública e o Dereito. O principio de legalidade da Administración. As potestades administrativas: concepto. Potestades reguladas e discrecionais. Límites e control da discrecionalidade; a desviación do poder. Os conceptos xurídicos indeterminados.

Tema 20.- O regulamento: concepto e clases. Fundamento e límites da potestade regulamentaria. O procedemento de elaboración dos regulamentos. A eficacia normativa do regulamento: a inderogabilidade singular. Os actos administrativos xerais e as instrucións e ordes de servizo. Regulamentos ilegais: a súa impugnación.

Tema 21.- Os principios de reserva de lei, de xerarquía normativa e de competencia. Nulidade de pleno dereito das disposicións administrativas por infracción destes principios.

Tema 22.- A relación xurídico-administrativa: concepto e suxeitos. Normas xerais de actuación da actividade das Administracións Públicas. As persoas ante a actividade da administración: dereitos e obrigas. Termos e prazos. A obrigatoriedade de termos e prazos.

Tema 23.- As persoas nas súas relacións coas administracións públicas e os interesados no procedemento administrativo. Situacións xurídicas activas: dereito subxectivo e interese lexítimo; situacións xurídicas pasivas: deberes, obrigas e cargas.

Tema 24.- Principios de actuación da Administración Pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.

Tema 25.- O acto administrativo. Concepto. Clases. Elementos: suxeito, obxecto, causa, fin e forma. A motivación. Notificación e publicación dos actos administrativos.

Tema 26.- Eficacia e executividade dos actos administrativos; medios de execución forzosa. A invalidez do acto administrativo: supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade; a conversión, o principio de conservación do acto administrativo, a convalidación. A revisión de oficio. A revogación. A rectificación de erros.

Tema 27.- Obxecto e ámbito de aplicación da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas. O interesado no procedemento administrativo: concepto, capacidade de obrar e representación. A identificación e sinatura dos interesados e os seus dereitos no procedemento administrativo. Garantías de imparcialidade: abstención e recusación.

Tema 28.- A iniciación do procedemento administrativo: disposicións xerais e clases. Os rexistros administrativos. Os principios de ordenación do procedemento.

Tema 29.- Fase de instrución: disposicións xerais, alegacións e participación dos interesados, proba e informes. Participación dos interesados.

Tema 30.- Finalización do procedemento: Disposicións xerais. A resolución do procedemento. A obriga de resolver. Réxime do silencio administrativo.

Tema 31.- Outras formas de finalización do procedemento. A desistencia e a renuncia. A caducidade. A terminación convencional. A tramitación simplificada do procedemento administrativo común.

Tema 32.- Recursos administrativos: principios xerais. Recurso de alzada. Recurso potestativo de reposición. Recurso extraordinario de revisión. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje. A suspensión da execución do acto recurrido.

Tema 33.- O exercicio da potestade normativa. Os principios de boa regulación. A planificación e avaliación normativa. A participación dos cidadáns. A memoria da análise de impacto normativo.

Tema 34.- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Disposicións xerais. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas. Responsable e encargado do tratamento de datos. Réxime sancionador. Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Transparencia da actividade pública. Publicidade activa. O dereito de acceso á información pública.

Tema 35.- Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social: Disposicións xerais. Igualdade de oportunidades e non discriminación. A lei 3/2024, de 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Obxecto, ámbito de aplicación e definicións. Dereitos e obrigas. Servizos de prevención. Consulta e participación dos traballadores.

Tema 36.- Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Obxecto e ámbito da Lei. O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes. O dereito ao traballo en igualdade de oportunidades. Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: Disposicións xerais. Dereito a igualdade entre mulleres e homes. Principio de transversalidade da dimensión de xénero. Linguaxe non sexista e imaxe pública. Promoción da igualdade de mulleres e homes no ámbito local.

Tema 37.- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia: Uso oficial do galego. A Ordenanza municipal de normalización lingüística do Concello de Ferrol.

Tema 38.- O dereito tributario: concepto e contido. A Facenda Pública na Constitución Española. As fontes do dereito tributario. Administración tributaria. As obrigacións e deberes da Administración tributaria. Os principios do ordenamento tributario español.

TEMARIO PARTE ESPECÍFICA (57 temas)

Tema 39.- O funcionamento electrónico do sector público e as relacións electrónicas entre as Administracións Públicas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, reguladora do Réxime Xurídico do Sector Público. Os convenios.

Tema 40.- A Xurisdición contencioso-administrativa. Natureza, extensión e límites. Órganos e competencias. As partes na orde xurisdiccional contencioso-administrativa. O obxecto do recurso contencioso-administrativo. Causas de inadmisibilidade. Interposición do recurso e reclamación do expediente. Emprazamento dos demandados e admisión do recurso. Execución das sentenzas e demais títulos executivos

Tema 41.- A potestade sancionadora: concepto e significado. Principios do exercicio da potestade sancionadora. Especialidades do procedemento administrativo en materia sancionadora. Medidas sancionadoras administrativas. Especial referencia á potestade sancionadora local.

Tema 42.- A responsabilidade da Administración pública: caracteres. Lesión determinante, suxeitos imputables e causas de imputación. A extensión da reparación. A acción de responsabilidade. Especialidades do procedemento administrativo en materia de responsabilidade. A responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das Administracións públicas.

Tema 43.- A expropiación forzosa. Suxeitos, obxecto e causa. O procedemento xeral. Garantías xurisdiccionais. A reversión expropiatoria. Referencia ás singularidades procedimentais.

Tema 44.- Os contratos do sector público: Obxecto e ámbito de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público. Delimitación dos tipos de contractuais. Contratos suxeitos a regulación harmonizada. Contratos administrativos e contratos privados. Os contratos menores.

Tema 45.- Disposicións xerais sobre a contratación do sector público: racionalidade e consistencia, liberdade de pactos e contido mínimo do contrato, perfección e forma do contrato. Normas específicas de contratación pública nas entidades locais. Réxime de invalidez. Recurso especial en materia de contratación.

Tema 46.- As partes nos contratos do sector público. Órgano de contratación; o Perfil de Contratante. Capacidade e solvencia do empresario. Prohibicións. Clasificación. Sucesión na persoa do contratista. Competencia en materia de contratación nas entidades locais.

Tema 47.- Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías esixibles na contratación do sector público. Preparación dos contratos das Administracións Públicas: expediente de contratación e as súas clases; pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas. Normas xerais e procedementos de adxudicación dos contratos das Administracións Públicas.

Tema 48.- Efectos dos contratos. Prerrogativas da Administración pública nos contratos administrativos. Execución dos contratos. Modificación dos contratos. Suspensión e extinción dos contratos. Cesión dos contratos e subcontratación.

Tema 49.- O contrato de obras. Actuacións preparatorias do contrato de obras. Execución do contrato de obras. Modificación do contrato. Cumprimento e resolución.

Tema 50.- O contrato de concesión de obras. Actuacións preparatorias do contrato de concesión de obras. Efectos, cumprimento e extinción das concesións. Construción das obras obxecto de concesión. Dereitos e obrigacións do concesionario e prerrogativas da Administración concedente. Extinción das concesións.

Tema 51.- O contrato de concesión de servizos. Actuacións preparatorias do contrato de concesión de servizos. Efectos, cumprimento e extinción do contrato de concesión de servizos. Execución e modificación do contrato. Cumprimento e resolución.

Tema 52.- O contrato de subministro. Execución do contrato de subministro. Cumprimento e resolución. Regulación de determinados contratos de subministro.

Tema 53.- O contrato de servizos. Execución dos contratos de servizos. Resolución. Especialidades do contrato de elaboración de proxectos de obras.

Tema 54.- O patrimonio das Administracións Públicas. Os bens das Entidades Locais. Normativa aplicable. Clases. Bens de dominio público. Bens patrimoniais. Inventario de bens.

Tema 55.- O dominio público: Concepto e natureza. Clasificacións; en especial o demanio natural. Os elementos do dominio público: Suxeitos, obxecto e destino. Afectación, desafectación, mutacións demaniais.

Réxime xurídico do dominio público: Inalieabilidade, inembargabilidade, imprescritibilidade. Utilización de bens de dominio público: réxime xeral das autorizacións e concesións demaniais. Referencia ao réxime sancionador.

Tema 56.- Bens e dereitos patrimoniais: aproveitamento e explotación. Principios de xestión patrimonial. Adquisición, arrendamento, alleamento e cesión de bens e dereitos patrimoniais.

Tema 57.- Réxime de facultades e prerrogativas das Entidades Locais en relación cos seus bens: especial referencia á investigación, deslinde e desafuizamento administrativo.

Tema 58.- O persoal ao servizo das Administracións Públicas. Clases de persoal. A estrutura do emprego público: ordenación de postos de traballo. Ordenación do persoal. Planificación do emprego público. Promoción profesional, provisión de postos de traballo e mobilidade

Tema 59.- O persoal ao servizo das Administracións Públicas. Adquisición e perda da relación de servizo. Situacións administrativas.

Tema 60.- O persoal ao servizo das Administracións Públicas. Dereitos e deberes dos empregados públicos: Código de conduta. Xornada de traballo, permisos, licenzas e vacacións. Dereitos económicos e protección social. Dereitos de exercicio colectivo.

Tema 61.- O persoal ao servizo das Administracións Públicas. O réxime disciplinario. O réxime de incompatibilidades.

Tema 62.- As fontes do ordenamento xurídico local. Lexislación estatal e autonómica en materia de réxime local. Entidades que integran a Administración Local: disposicións xerais. A potestade normativa das entidades locais: Regulamentos e Ordenanzas. Procedemento de elaboración. O Regulamento Orgánico. Os Bandos.

Tema 63.- O Municipio: concepto e elementos, territorio e poboación. Alteración dos termos municipais. Organización e competencias municipais. Poboación: padrón, dereitos e deberes dos veciños

Tema 64.- A Provincia como entidade local. Réximes especiais. Relacións entre as Comunidades Autónomas e as Deputacións Provinciais. Organización: atribución dos distintos órganos. As comarcas. As áreas metropolitanas. As mancomunidades de municipios.

Tema 65.- O sistema electoral local. Causas de inelexibilidade e incompatibilidade. Elección de alcalde e Concelleiros. Elección de Deputados Provinciais e Presidente da Deputación Provincial. A censura e a cuestión de confianza no ámbito local. O recurso contencioso-electoral.

Tema 66.- Estatuto dos membros das Corporacións Locais: adquisición, suspensión e perda da condición de membro da corporación. Dereitos e deberes. Grupos políticos. Rexistro de intereses. O estatuto do veciño: Dereitos de deberes, información e participación cidadá.

Tema 67.- Réxime de sesións dos órganos de goberno local: celebración de sesións, debates e votacións. Control e fiscalización do Pleno. As actas. O concello aberto. Réxime de delegacións.

Tema 68.- As relacións interadministrativas. Principios. Colaboración, cooperación e coordinación. A substitución e disolución de Corporacións locais.

Tema 69.- Réxime xurídico do procedemento administrativo das Entidades Locais. Os expedientes. Dos interesados nos expedientes, das recusacións e abstencións. Certificacións, comunicacións, notificacións e publicación dos acordos. O Rexistro de documentos. Impugnación dos actos e acordos locais e exercicio de accións. Recursos administrativos e xurisdicionais contra os actos locais.

Tema 70.- As formas de acción administrativa das entidades locais. A intervención administrativa local na actividade privada. As autorizacións administrativas: as súas clases. O réxime das licenzas. A comunicación previa e a declaración responsable. A actividade de fomento das entidades locais.

Tema 71.- Actividade subvencional das entidades locais: normativa autonómica e estatal. Disposicións comúns ás subvencións. Concesións, órganos competentes, beneficiarios e procedementos de concesión. Xustificación e control financeiro. Reintegros. Infraccións e sancións.

Tema 72.- A iniciativa económica das Entidades locais e a reserva de servizos en favor das Entidades locais. O servizo público nas entidades locais. Concepto. As formas de xestión dos servizos públicos locais.

Tema 73.- O orzamento xeral das entidades locais: concepto e contido, elaboración e aprobación. Especial referencia ás bases de execución do orzamento. A prórroga do orzamento.

Tema 74.- A estrutura orzamentaria. O crédito orzamentario. Modificacións de créditos: clases e tramitación.

Tema 75.- A execución do orzamento de gastos e ingresos. Clases de pagamentos: en firme, a xustificar e anticipos de caixa fixa. Gastos plurianuais. Os proxectos de gasto. Gastos con financiación afectada. Réxime xurídico das facturas: requisitos e presentación no rexistro.

Tema 76.- A liquidación do orzamento: contido e tramitación. Os remanentes de crédito. O resultado orzamentario. A consolidación orzamentaria. O Orzamento do Concello da Coruña: estrutura e bases de execución do orzamento.

Tema 77.- A estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Principios xerais. Obxectivos da estabilidade orzamentaria, de débeda pública e de regra do gasto para as corporacións locais. Os plans económico-financeiros. Plans de axuste e de saneamento financeiro.

Tema 78.- A contabilidade nas entidades locais: principios, competencias e fins da contabilidade. As instrucións de contabilidade. Documentos contables e libros de contabilidade. A Conta Xeral: contido e tramitación.

Tema 79.- O control interno da actividade económico-financeira das entidades locais. A función interventora. O control externo da actividade económico-financeira do sector público. A fiscalización do Tribunal de Contas. A xurisdición contable: procedementos.

Tema 80.- A tesourería das entidades locais: Réxime xurídico, funcións e organización. O principio de unidade de caixa. A realización de pagos. O cumprimento dos prazos de pago: o período medio de pago. O plan de tesourería e o plan de disposición de fondos.

Tema 81.- Réxime xurídico do ordenamento tributario. Principios e normas tributarias xerais do ordenamento tributario español. Os tributos na Lei xeral tributaria: disposicións xerais. Obrigados tributarios. Os tributos locais: principios. Os recursos das facendas locais. A facenda local na Constitución. A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria: as ordenanzas fiscais, contido, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación dos tributos.

Tema 82.- A xestión, liquidación e recadación dos recursos das facendas locais. Os ingresos indebidos. A xestión da recadación en período voluntario e executivo. A revisión dos actos de xestión tributaria.

Tema 83.- Os recursos das facendas locais: taxas, prezos públicos, contribucións especiais. A participación nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas. As operacións de crédito.

Tema 84.- O imposto sobre bens inmoables. O imposto sobre actividades económica.

Tema 85.- O imposto sobre vehículos de tracción mecánica. O imposto sobre construcións, instalacións e obras. O imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Tema 86.- A potestade regulamentaria das Entidades Locais en materia tributaria: contido das ordenanzas fiscais, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación de tributos. O establecemento de recursos non tributarios.

Tema 87.- Instrumentos de ordenación territorial. As relacións entre o urbanismo e a ordenación do territorio. A Lei 1/2021 de ordenación do territorio de Galicia. As directrices de ordenación do territorio e o Plan de ordenación do litoral. A Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese: obxectivos.

Tema 88.- Lexislación estatal do solo: disposicións xerais. Bases do réxime do solo. As situacións básicas do solo e as clasificacións urbanísticas. O Real decreto lexislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana.

Tema 89.- A lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: obxectivos e principios xerais. Clases e categorías de solo. Aspectos da función urbanística. O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: Réxime urbanístico da propiedade do solo: principios xerais. Clasificación. Solo rústico, solo urbano, solo urbanizable e solo de núcleo rural: réxime xurídico.

Tema 90.- O planeamento urbanístico na normativa urbanística galega. Os instrumentos de ordenación urbanística. Disposicións xerais sobre o planeamento, sostibilidade e calidade. O plan xeral de ordenación municipal. O plan básico autonómico. Os plans básicos municipais. O planeamento de desenvolvemento. O planeamento especial. Os catálogos.

Tema 91.- O planeamento urbanístico na normativa urbanística galega. Elaboración e aprobación de plans. Efectos da aprobación. Iniciativa e colaboración dos particulares. Publicidade, vixencia e efectos. Modificación e revisión de plans. Usos e obras provisionais. Normas de aplicación directa na normativa urbanística galega.

Tema 92.- Execución do planeamento. Presupostos da execución. O principio de equidistribución e as súas técnicas. Sistemas de actuación: elección do sistema. O proxecto de urbanización. Supostos indemnizatorios. Peculiaridades das expropiacións urbanísticas. O PXOM do Concello da Ferrol

Tema 93.- A intervención na edificación e uso do solo: Licenzas urbanísticas e comunicacións previas. Actos suxeitos e exentos e o seu réxime xurídico. As ordes de execución. Deberes de conservación e réxime da declaración de ruína. A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Tema 94.- Réxime xurídico dos instrumentos de intervención administrativa aplicables á instalación e apertura de establecementos e ao exercicio de actividades económicas en Galicia. O réxime de control dos espectáculos públicos e actividades recreativas. A Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade de Galicia e o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, aprobado polo Decreto 144/2016. A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Licenzas de actividades, comunicacións previas e declaracións responsables. Cambios de titularidade.

Tema 95.- A protección da legalidade urbanística: obras e usos sen licenza ou comunicación previa en curso de execución, obras rematadas sen título habilitante ou sen axustarse ao título. Outros actos sen licenza ou sen comunicación previa. Particularidades da protección da legalidade en solo rústico e en zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos. Suspensión e revisión de licenzas. As declaracións de ineficacia. Infraccións e sancións urbanísticas.

ANEXO III.- CALENDARIO ESTIMADO DE DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

Primeiro exercicio: decembro de 2026

Segundo exercicio: xaneiro 2026

Terceiro exercicio: febreiro 2026"

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 24 de setembro de 2025

A concelleira delegada da Area de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística (resolución da Xunta de Goberno Local do 11/12/2023 publicada no BOP do 20/12/2023)

Susana María Sanjurjo Fraga

2025/6224